



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es)

### **Bases da XX Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López.** **Modalidade: narrativa e poesía.**

O Concello de Paradela, co afán de potenciar a creación literaria, convoca o XX Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López. Modalidade: narrativa e poesía.

**PRIMEIRA.- Participantes.**

Poderán concorrer anualmente ao Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, todos os autores que o desexen, calquera que sexa a súa nacionalidade, admitíndose una soa obra por categoría e autor.

**SEGUNDA.- Requisitos das obras.**

Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo. As obras de poesía terán unha extensión máxima de 100 versos.

En ambos casos, mecanografiadas (ou a ordenador) e a dobre espazo.

Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria.

**TERCEIRA.- Presentación das obras.**

O prazo de entrega dos relatos e da obra poética iniciase o día un de outubro de 2014 e rematará o trinta de novembro de dous mil catorce.

As obras enviaranse por sextuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema, ao seguinte enderezo:

CONCELLO DE PARADELA  
Certame literario  
(Modalidade Poesía/Narrativa)  
Rúa Cabaleiros de Santiago, nº 15  
27611 Paradela-Lugo

En sobre aparte e pechado, constará o lema que distinga o traballo, e no interior o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados.

No caso de que as obras se remitan mediante correo electrónico, á conta [concello.paradela@eidolocal.es](mailto:concello.paradela@eidolocal.es), deberán enviarse no mesmo correo electrónico, dous arquivos en formato PDF, un co contido da obra e outro onde constará o lema que distinga o traballo, no que conterá, no seu interior, o nome e apelidos do autor/a, domicilio, teléfono, poboación de residencia, e declaración formal de que a obra é axustada ás normas contidas na base segunda.

Os arquivos PDF referenciaranse do seguinte xeito:

- Datos persoais ou plica.
- Título da obra.

Este segundo arquivo será custodiado pola Secretaría do Concello, entregando unicamente ao Xurado a obra e o lema da mesma.

No caso de participación en ambos apartados; deberase concursar en cada modalidade por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

Conforme ao disposto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de forma confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Paradela relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calqueira momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

#### CUARTA.- Premios.

Establécese un Premio de seiscientos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *poesía* e outro de seiscientos euros (600,00 €) para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de *narrativa*.

O xurado reservase a facultade de conceder dous accesits (carentes de dotación económica), en cada categoría, asemade poderá conceder tres mencions de honra como máximo (carentes de dotación económica) en cada categoría.

O autor ou autores premiados convocaranse ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado.

#### QUINTA.- Fallo do Xurado.

O Xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2015 e farase público polos medios de comunicación e na paxina do web do concello [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e [www.concelloparadela.es](http://www.concelloparadela.es); comunicándose persoalmente aos gañadores.

O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados; e a súa decisión será inapelable.

#### SEXTA.- Dereitos sobre as obras presentadas.

O Concello de Paradela resérvase, en exclusiva, o dereito de edición das obras premiadas e accesits durante o prazo máximo de doce meses, contados dende o momento do fallo.

As obras non premiadas, así como as súas correspondentes plicas, non serán devoltas, sendo destruídas despois da proclamación de gañadores do certame literario Manuel Oreste Rodríguez López- XX Edición.

#### SÉTIMA.- Prerrogativas.

A resolución de todas as cuestións que poidan xurdir ou formularse nesta convocatoria son de exclusiva competencia do Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, 16 de xuño de 2014

O Alcalde-Presidente

Asdo.: José Manuel Mato Díaz

